

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Oenothera sp. (longiflora, stricta, glazioviana...)

Estas especies coñecidas popularmente como herba dos burros ou herba do viño, pertencen a un xénero de plantas americanas en plena expansión por Europa. Foron introducidas a mediados do s. XVII nos xardíns botánicos, para empregarse máis adiante como alimento aproveitando a súa raíz, e con fins cosméticos e medicinais grazas ao aceite obtido a partir das súas sementes. Aparecen en terreos alterados, cunetas, eriais, etc. É preocupante a súa presenza nas zonas costeiras e riparias onde despraza a vexetación autóctona, presentándose como bioindicadora de ambientes degradados.

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org

http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html

